

**ADMINISTRACIÓN LOCAL****MUNICIPAL****FORNELOS DE MONTES****Ordenanzas e Regulamentos***APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA TAXA ABASTECIMENTO DE AUGA**ANUNCIO*

Transcorrido o prazo de exposición ó público do acordo provisional de modificación da Ordenanza Fiscal da taxa que de seguido se relaciona, adoptado polo pleno desta corporación na sesión celebrada o día 29 de agosto de 2019, sen que se presentase ningunha reclamación, elévase a definitivo dito acordo, segundo o sinalado no artigo 17.3 da Lei do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobada por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo. Publícase a súa aprobación definitiva en cumprimento do disposto no artigo 17.4 da citada norma.

De conformidade co disposto no artigo 19.1 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobada por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, contra a aprobación definitiva da modificación da ordenanza fiscal da taxa sinalada, os interesados poderán interpoñer potestativamente recurso de reposición ou acudir directamente ó recurso contencioso administrativo na forma e prazo que establecen as normas reguladoras de dita xurisdicción.

*TEXTO QUE SE MODIFICA*

*ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR SERVICIOS DE DISTRIBUCIÓN DE AUGA, GAS, ELECTRICIDADE E OUTROS ABASTECIMENTOS PÚBLICOS INCLUÍDOS OS DEREITOS DE ENGANCHE DE LIÑAS E COLOCACIÓN E UTILIZACIÓN DE CONTADORES E INSTALACIÓNS ANÁLOGAS, CANDO DITOS SERVICIOS OU SUBMINISTROS SEXAN PRESTADOS POR ENTIDADES LOCAIS*

*ARTIGO 1º. NATUREZA E FUNDAMENTO*

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, polo artigo 106 da lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e os artigos 15 a 19 da lei 39/88, de 28 de decembro, acorda a imposición e ordenación da taxa por servicios de distribución de auga, gas, electricidade e outros abastecementos públicos incluídos os dereitos de enganche de liñas e colocación e utilización de contadores e instalacións análogas, cando ditos servicios ou subministracións sexan prestados por entidades locais.



Luns, 30 de decembro de 2019

Núm. 248

### *ARTIGO 2º. FEITO IMPOÑIBLE*

Constitúen o feito imponible da taxa a prestación dos servizos de distribución de auga, gas, electricidade e outros abastecementos públicos incluídos os dereitos de enganche de liñas e colocación e utilización de contadores e instalacións análogas.

### *ARTIGO 3º. SUXEITOS PASIVOS*

1.—Serán suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 33 da lei Xeral Tributaria que ocupen ou utilicen as vivendas e locais situados nos lugares, prazas, rúas ou vías públicas nas que se preste o servizo, xa sexa a título de propietario ou de usufrutuario, habitacionista, arrendatario ou incluso de precario.

2.—Terán a consideración de suxeitos pasivos substitutos do contribuínte os propietarios das vivendas ou locais que poderán repercutir, no seu caso, as cotas satisfeitas sobre os usuarios daquelas, beneficiarios do servizo.

### *ARTIGO 4º. RESPONSABLES*

1.—Serán responsables solidarias das obrigas tributarias dos suxeitos pasivos as persoas físicas e xurídicas ás que se refiren os artigos 38.1 e 39 da lei Xeral Tributaria.

2.—Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xera, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da lei Xeral Tributaria.

### *ARTIGO 5º. COTA TRIBUTARIA*

A cota desta taxa será a que figura no anexo desta ordenanza.

### *ARTIGO 6º. BENEFICIOS FISCAIS*

Só se admitirán os beneficios que veñan establecidos nas normas con rango de lei ou deriven de tratados ou acordos internacionais.

### *ARTIGO 7º. DEVENGO*

1.—Cando se trate de servizos non periódicos:

Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuír cando se presente a solicitude de prestación do servizo ou actividade.

2.—Cando se trate de servizos periódicos:

Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuír o primeiro día de cada ano natural, excepto no momento da alta no padrón, caso no que se devengará a partir dese mesmo momento.



Luns, 30 de decembro de 2019

Núm. 248

### *ARTIGO 8º. LIQUIDACIÓN*

1.—Cando se trate de servicios non periódicos:

a.—Cando se trate de servicios ou actividades cunha liquidación que se poda cuantificar no momento de presenta-la solicitude de prestación, liquidarase nese mesmo momento ou no momento posterior, pero sempre antes de presta-lo servicio ou de realiza-la actividade.

b.—Cando se trate de servicios ou actividades cunha liquidación que non se poda cuantificar no momento de presenta-la solicitude de prestación do servicio ou da realización da actividade, practicarase a liquidación unha vez prestado o servicio ou realizada a actividade.

c.—Se se realiza a prestación do servicio ou a actividade sen mediar solicitude, liquidarase e notificarase a taxa tan pronto se detecte esta situación, esixíndose o ingreso nos prazos previstos no regulamento Xeral de Recadación para a liquidación de contraído previo, sen prexuízo de abri-lo oportuno expediente sancionador por infracción tributaria.

2.—Cando se trate de servicios periódicos:

Practicarase a liquidación única anual ou coa periodicidade que se determine nas tarifas desta taxa.

### *ARTIGO 9º. INGRESO*

O pagamento desta taxa realizarase:

1.—Cando se trate de liquidacións cunha cuantificación que se poda efectuar antes de presta-lo servicio ou de levar a cabo a actividade, realizarase o ingreso antes da prestación do servicio ou realización da actividade na Tesourería municipal ou nas entidades financeiras que se sinalen na liquidación.

2.—Cando se trate de liquidacións cunha cuantificación que non se poda efectuar con anterioridade á prestación do servicio ou realización da actividade, farase o ingreso nos prazos e lugares que se sinalen na liquidación.

3.—Cando se trate de liquidacións periódicas, nos prazos e nos lugares que se sinalen no edicto de exposición ó público.

### *ARTIGO 10º. INFRACCIÓNS E SANCIÓNS*

Nesta materia estarase ó disposto na lei Xeral Tributaria e normativa de desenvolvemento.

### *ARTIGO 11º. NORMAS DE XESTIÓN*

1.—As persoas ou entidades interesadas na prestación dos servicios que se citan no artigo segundo desta ordenanza, deberán presentar solicitude por escrito na que se detalle o lugar para o que se solicita e demais requisitos que esixa cada concello.



Luns, 30 de decembro de 2019

Núm. 248

2.—Unha vez autorizada a prestación do servizo entenderase prorrogado mentres non se presente a declaración de baixa polo interesado, a non ser que se trate de servizos non periódicos.

3.—Cando remate a necesidade do servizo, por cambio de propietario ou declaración de ruína do inmovible, os suxeitos pasivos substitutos do contribuínte formularán as declaracións de baixa no padrón da taxa e surtirán efectos no período natural seguinte ó da súa presentación, podendo, no seu caso, prorratearse polo período de liquidación das tarifas. A non presentación de baixa determinará a obriga de continuar aboando a taxa.

### DISPOSICIÓN ADICIONAL ÚNICA

Cando existan os convenios de colaboración ós que fai referencia o artigo 27.2 da Lei 39/88, do 28 de decembro, os procedementos de liquidación e recadación regulados nos artigos 8 e 9 desta ordenanza cederán ante a regulación prevista nos convenios.

### DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza fiscal, que foi definitivamente aprobada polo pleno da corporación en sesión celebrada na data que se expresa no anexo desta ordenanza, entrará en vigor e será de aplicación o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.

De conformidade co disposto no art. 19.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, contra tales acordos os interesados lexítimos poderán interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que establece a lei reguladora de dita xurisdición.

| ANEXO   |        |
|---|--------|
| <i>1ª A tarifa que se aplicará para a exacción desta taxa será a seguinte:</i>  |        |
| CONCEPTOS   | EUROS  |
| A. Por cada subministración domiciliar de auga potable, ó ano a particulares:   | 60,00  |
| B. Por cada subministración domiciliar de auga potable ó ano, a comercios, bares e outros establecementos non especificados   | 90,00  |
| C. Por cada subministración domiciliar de auga potable ó ano, a industrias, naves industriais   | 80,00  |
| D. Por cada subministración domiciliar de auga potable ó ano a granxas escolas  | 240,00 |
| E. Por dereitos de cada acometida:  | 350,00 |
| F. Por instalación de cada contador:  | 90,00  |
| G. Por reposición de cada contador:   | 70,00  |
| H. Por cada metro lineal de manguera, a partir de un, cando a súa instalación se solicite ó Concello:   | 25,00  |
| I. Durante o período comprendido entre o 15 de maio e o 15 de outubro, por cada 1.000 litros de exceso sobre o límite de consumo diario de 600 litros nos grupos A e B e de 2.000 litros nos grupos C e D | 2,32   |

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:  
<https://sede.depo.gal>  
Código seguro de verificación:KBCIPOUKETZ3919



Luns, 30 de decembro de 2019

Núm. 248

A presente modificación da Ordenanza Fiscal, entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no “Boletín Oficial” da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

(Aprobada polo Pleno do Concello de Fornelos de Montes en sesión de fecha 29 de agosto de 2019)

Fornelos de Montes, 23 de decembro de 2019.

O ALCALDE

Emiliano Lage Rodríguez.

